

CONSTITUCIÓN DO COMITÉ INTERCENTROS

Tras o acordo acadado no Comité de Empresa de Pontevedra o luns 16 de xuño temos vía libre para constituír o Comité Intercentros (CI). A súa composición será de 12 membros: 6 de CIG, 4 de CC OO e 2 de UGT. A presidencia e a vicepresidencia lle corresponderá a CIG e a Secretaría e vicesecretaría a CC OO. Para a adopción de acordos será preciso contar cunha maioría do 60 por cento. O secretario/a, a efectos de ser convocado pola empresa e recibir información terá as mesmas competencias que o presidente/a. Os delegados e delegadas que non formen parte deste órgano poderán participar nas reunións con voz pero sen voto.

CC OO, malia non presentar listas en Ourense, sempre defendeu a existencia do CI, mais non a calquera prezo. Na anterior etapa fixemos todo o posible para crear un xeito distinto de goberno dentro deste órgano no que se potenciara a participación activa dos tres sindicatos. En moitas ocasións este sistema funcionou e obtivo bos resultados que beneficiaron a unha parte importante do cadro de persoal, mais, noutros momentos fracasou debido a desconfianza que deu entre os sindicatos minoritarios e o sindicato que posuía a maioría, unha vez que este último, saltándose normas básicas, interferiu para que algúns dos seus delegados tiveran “facilidades” para conseguir determinadas prazas. O clima de enfrontamento que vivimos estragou a sinerxía posible da colaboración e o traballo conxunto dos tres sindicatos.

Desta vez, para esta nova andaina, CC OO quere evitar que se repitan situacións como as que estamos a describir, emporiso, o noso sindicato propuxo que cando algún delegado ou delegada se presente a unha proba de selección, os/as representantes do CI nese tribunal ou comisión sexan, ou ben dun sindicato distinto o que pertencen, ou acordar que sexan outros traballadores ou traballadoras de fora do Comité. Esta proposta o sindicato maioritario sentiuna coma unha imposición inaceptable. Mágoa que o sinta así. Nestes tempos, onde parece que todo vale, os sindicatos deberíamos dar exemplo e facer todo o posible para estar nunha continua rexeneración ética e democrática. De tódolos xeitos, os representantes de CC OO no CI, si cumpriremos esta norma, e por coherencia, non apoiaremos a elección de ningún representante que estea na circunstancia que acabamos de describir.

Mais, sexamos positivos, a boa noticia é que se constituíu o CI e que a representación do persoal laboral ten un órgano forte, plural e capaz para defender os seus intereses laborais. O acordo o que chegamos inclúe, así mesmo, un programa de actuación que incluírá, ademais dos puntos comúns dos programas electorais, os compromisos acordados no Iº Convenio Colectivo e aqueles outros adquiridos na anterior etapa. Na conquista destes obxectivos, e na salvagarda dos principios de igualdade, oportunidade e capacidade, CC OO vai a poñer tódolos seus recursos humanos e sindicais.

A formación do CI non anula a existencia dos outros órganos de representación, é máis, os comités dos que emana son, a efectos legais, de rango superior por ser os

elixidos directamente polos traballadores e traballadoras. O CI sempre é considerado, os mesmos efectos, un órgano de representación derivada ou de segundo rango.

Un saúdo